



## Teaching Guide

Identifying Data					2022/23
<b>Subject (*)</b>	Linguistic Information and Internet	<b>Code</b>	613836044		
<b>Study programme</b>	Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada (2013)				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Official Master's Degree	2nd four-month period	First	Optional	3	
<b>Language</b>	Spanish				
<b>Teaching method</b>	Face-to-face				
<b>Prerequisites</b>					
<b>Department</b>	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da InformaciónComputación				
<b>Coordinador</b>	Gómez Rodríguez, Carlos	<b>E-mail</b>	carlos.gomez@udc.es		
<b>Lecturers</b>	Alonso Pardo, Miguel angel Gómez Rodríguez, Carlos Vilares Ferro, Jesus	<b>E-mail</b>	miguel.alonso@udc.es carlos.gomez@udc.es jesus.vilares@udc.es		
<b>Web</b>	moodle.udc.es				
<b>General description</b>	<p>Esta materia pretende proporcionar os estudantes unha serie de capacidades, tanto conceptuais como procedementais, que lles permitan coñecer que é unha rede de comunicacións, que é Internet, e como se poden obter beneficios tanxibles da información que reside nela, utilizando para elas as ferramentas e técnicas de recuperación de información máis axeitadas.</p> <p>Descritores: Utilización da tecnoloxías básicas de Internet. Conceptos básicos de redes de comunicación. Conceptos básicos de Internet e navegación en Web. Buscadores Web e Recuperación de Información. A Web como base de datos documental.</p>				

## Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A9	Capacidade para xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.)
A10	Capacidade no manexo das diferentes tecnoloxías lingüísticas que conforman a actual sociedade do coñecemento: dicionarios electrónicos, correctores e tradutores automáticos, e sistemas de aprendizaxe de lingua asistida por ordenador.
B1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan? a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
B5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en boa medida autodirixido ou autónomo.
B6	Capacitación dos estudantes para que adquiren coñecementos lingüísticos especializados e habilidades para analizar criticamente as propostas máis relevantes no ámbito dos estudos lingüísticos.
B7	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan aos estudantes acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B8	Capacidade dos estudantes no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos, así como indicar a súa utilidade na práctica profesional e investigadora.
B10	Capacidade dos estudantes para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o máster.



C5	Comprensión da importancia da cultura emprendedora e coñecemento dos medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valoración crítica do coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asunción, como profesional e como cidadán/a, da importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valoración da importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences / results		
Dominar los entornos virtuales	AR9	BR1 BR2 BR3 BR8	CC5 CC6 CC7 CC8
Tener capacidad para operar en el tratamiento automático del lenguaje.	AR10	BR1 BR2 BR3 BR4 BR6 BR7 BR8 BR10	CC5 CC6 CC7 CC8
Saber manejar las técnicas, métodos y formatos de codificación digital.	AR9 AR10	BR2 BR4 BR5 BR6 BR10	CC6 CC7 CC8

Contents	
Topic	Sub-topic
Introdución a internet	¿Que é internet? O fluxo de información en internet Protocolos Direccións
Arquitectura de información en sitios web	URL HTML e estándares web Protocolo http Navegadores Web vs. Internet Tipos de sitios web.
Principios de Recuperación de Información	Conceptos básicos Medidas de rendimento Modelos de Recuperación de Información Modelos de Recuperación de Información para a web
Busca de información na web	Conceptos básicos. Motores de busca: funcionamento e tipos. Elementos dunha consulta: términos e operadores. Limitacións das buscas. Como mellorar os resultados. Buscadores temáticos



Integración do coñecemento lingüístico nas tarefas de recuperación de información	Variación lingüística: conceptos xerais Tratamento da variación lingüística Introdución á Minaría de Textos
Busca no textual	Mecanismos de compartición de arquivos. Licenzas de uso e distribución de software e contidos. Buscas multimedia: imaxes, audio e vídeo. Navegación cartográfica: mapas e rutas

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Guest lecture / keynote speech	A9 B1 B7 B8 B10 C5 C6 C8	10	10	20
Directed discussion	B6 C5 C6 C7 C8	5	5	10
Supervised projects	A10 B2 B3 B4 B5 C7	5	15	20
Oral presentation	B4	1	3	4
Short answer questions	A9 B1 B7 B8 B10	2	4	6
Problem solving	B2 B3 B4 B5 B8	5	5	10
Personalized attention		5	0	5

(\*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Guest lecture / keynote speech	A técnica que mellor se adapta á impartición dos contidos teóricos no noso contexto está constituída polas clases maxistras. Nelas, faremos un uso intensivo da pizarra e das transparencias, de modo que o ritmo de exposición de conceptos por parte do profesor e o de asimilación dos mesmos por parte do alumno sexan o máis acordes posible.
Directed discussion	Valorarase a capacidade de adquisición de coñecementos do alumno, así como a súa capacidade de síntese e exposición.
Supervised projects	O enunciado será o suficientemente aberto como para que o alumno poida explorar diferentes solucións alternativas, e propor ampliacións e melloras, contando en todo momento co asesoramento e supervisión do profesor.
Oral presentation	Exposición oral dun tema.
Short answer questions	Proba escrita con problemas de similar dificultade aos plantexados durante o curso.
Problem solving	Realizaranse como complemento de todas as demais actividades, nalgúns casos de forma autónoma por parte do alumno e noutras ocasións dirixidas polo profesor.

Personalized attention	
Methodologies	Description
Directed discussion Supervised projects Oral presentation	O desenvolvemente das clases realizarase de acordo co progreso dos alumnos nas habilidades de comprensión e asimilación do contido do curso, combinando o progreso xeral da clase, con atención específica para os alumnos que teñen as maiores dificultades na tarefa de aprendizaxe e adicional para aqueles que presentan maior facilidade e desexan aprender apoio.  Dada a natureza personalizada de tutoriais, estas non se dedicarán a exposición de novos conceptos, senón para aclarar os conceptos xa expostos. O profesor tamén debe usalos como unha interacción que permita sacar conclusións sobre o grao de asimilación da materia polos alumnos.



## Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Guest lecture / keynote speech	A9 B1 B7 B8 B10 C5 C6 C8	participación mediante o plantexamento crítico sobre o material da materia e outras actividades de avaliación	10
Supervised projects	A10 B2 B3 B4 B5 C7	Traballos (de carácter OBRIGATORIO e, polo tanto, NECESARIO para aprobar )	40
Short answer questions	A9 B1 B7 B8 B10	Exercicio escrito (de carácter OBRIGATORIO e, polo tanto, NECESARIO para aprobar )	40
Problem solving	B2 B3 B4 B5 B8	Exercicios e actividades propostas	10
Others			

## Assessment comments

No caso da proba escrita, o criterio fundamental de avaliación será a demostración por parte do alumno do seu dominio dos contidos teóricos da materia. No caso das demais sesións, os criterios de avaliación serán o cumprimento dos requisitos e obxectivos formulados nos enunciados dos exercicios, o grao de asimilación das técnicas vistas nas sesións teóricas, a claridade das explicacións do alumno á hora de presentar a solución proposta, e a responsabilidade no uso axeitado dos recursos dispoñibles no laboratorio. No caso dos traballos tutelados, os criterios de avaliación serán similares.

Procurarase que o prazo de entrega dos traballos teña unha antelación de, como mínimo, dez días con respecto á data fixada para a proba final. Recordar de novo que é imprescindible realizar e aprobar tanto o exame coma o traballo tutelado para aprobar a materia. A non presentación do exame ou do traballo práctico conlevará a cualificación de non presentado.

Os alumnos matriculados a tempo parcial que solicitasen e obtido dispensa académica poderán entregar as actividades avaliábeis nas condicións e prazos específicos que se establecerán para tal efecto e se comunicará ao alumnado afectado a principio de curso. Calquera situación especial do alumno deberá ser comunicada ao profesorado a principio de curso, quen a analizará e poderá proceder ás adaptacións dos mecanismos de avaliación que considere oportunas. Aos alumnos que obteñan cualificación de suspenso ou non presentado na primeira oportunidade manteráselles a cualificación da proba escrita e do traballo tutelado para a segunda oportunidade; tendo a opción de realizar de novo a proba e/ou o traballo para mellorar a nota. Os alumnos que aproben a materia na primeira oportunidade (xuño) non poderán repetir o exame nin reentregar traballos para mellorar a súa cualificación.

Segundo o artigo 14, sección 4, das normas de avaliación, o plaxio dos traballos ou do examen terá unha nota global de 0 puntos, tanto para o alumno que presente material copiado como para o que o facilitou, e polo tanto a calificación de SUSPENSO na convocatoria anual.

A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñibles na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: [pat.filoloxia@udc.gal](mailto:pat.filoloxia@udc.gal)).

## Sources of information

<b>Basic</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Martos Rubio, Ana (2013). Cómo buscar en Internet. Edición 2014. Anaya Multimedia, Madrid</li> <li>- Gralla, Preston (2007). Cómo funciona Internet. Anaya Multimedia, Madrid</li> <li>- Abaurrea Velarde, Jorge (2012). Internet. Edición 2013. Anaya Multimedia, Madrid</li> <li>- Calishain, Tara; Dornfest, Rael (2005). Google. Los mejores trucos (2ª edición). Anaya Multimedia, Madrid</li> <li>- Christopher D. Manning, Prabhakar Raghavan, y Hinrich Schütze (2008). Introduction to Information Retrieval. Cambridge University Press, Cambridge</li> <li>- W. Bruce Croft, Donald Metzler y Trevor Strohman (2009). Search Engines: Information Retrieval in Practice. Pearson Education, Upper Saddle River, NJ, USA</li> </ul>
<b>Complementary</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tramullas Saz, Jesús (2001). Recuperación de información en Internet. Ra-ma, Madrid</li> <li>- Carballar Falcón, José A. (2011). Internet: Libro del navegante (5ª ed). Ra-ma, Madrid</li> <li>- Peña Pérez, Rosario (2009). Internet: nuevo curso de iniciación (7ª ed). Inforbooks, Barcelona</li> <li>- Ricardo Baeza-Yates y Berthier Ribeiro-Neto (2011). Modern Information Retrieval: The Concepts and Technology behind Search (2nd Edition). Addison-Wesley Professional and ACM Press, Harlow (England)</li> </ul>



Recommendations
Subjects that it is recommended to have taken before
Subjects that are recommended to be taken simultaneously
Subjects that continue the syllabus
Other comments

(\*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.